

## MESA SECTORIAL DO 17 DE MARZO DE 2023

### CONCURSO DE MÉRITOS DA LEI 2/2022 DE POSTOS DE DIFÍCIL COBERTURA

O SERGAS acepta a nosa alegación de valorar con 5 puntos ter o Celga IV, ou a mellor das puntuacións obtidas nos exames de lingua galega das dúas últimas convocatorias de concurso-oposición do SERGAS.

### CONCURSO DE TRASLADOS ABERTO E PERMANENTE

Informan de que proximamente van publicar as prazas que se ofertan de Médico/a de familia, abrindo un prazo para a modificación da orde de preferencia nas prazas.

### OPE EN CURSO

Publicación no DOG o **27 de marzo** da **baremación definitiva da fase de concurso**.

As persoas adxudicatarias abriráselle un prazo de un mes para a presentación da documentación requirida.

Os destinos ofertados publicaranse a primeiros de abril.

A intención é que a toma de posesión sexa antes do verán.

### CONCURSO DE MÉRITOS DE ESTABILIDADE

Nas categorías de **médico/a de familia e enfermeiro/a**, está prevista a publicación da baremación provisional **arredor do 11 de abril**.

**EXAME OPOSICIÓN ENFERMEIRO/A:** domingo 25 de xuño.

Non deron máis datas de ningún outro exame de oposición.

### LISTAS DE SELECCIÓN TEMPORAL

Informan de que están enviadas a DOG, pendente de data, as seguintes publicacións:

- **Listas provisionais:** Bibliotecario/a, e Técnico/a de grao medio de biblioteconomía e documentación.
- **Listas definitivas:** enfermeiro/a, e enfermeiro/a especialista. O SERGAS non especificou as categorías concretas.